

A emigración na Terra Cha (I)

Carlos Gómez Osa

Moitas veces se ten repetido: a emigración é un mal endémico da demografía galega. Como ten sinalado Xosé Manuel Beiras no "Atraso económico de Galicia": "Tanto a emigración ó extranxeiro coma ós catro puntos cardinais de España cobrou unha dimensión 'a partires do século XIX' que non se alcanza a comprender ben como a demografía galega puido aturalo durante tantos decenios sen dar mostras máis precoces de esgotamento." Tal reflexión é aplicable, como se tentará demostrar no presente estudo, ó caso de Villalba e a Terra Cha.

Pero antes de entrar a analizar en detalle as características da emigración na Terra Cha, compre facer unha serie de consideracións: a primeira é que a escasez de datos fai que moitas veces teñamos que meternos no terreo das hipóteses; a segunda consideración importante sería que para facer un mellor estudo da emigración compre periodizala atendendo sobre todo ó volumen que alcanza, á dirección dos fluxos e, sobre todo, á repercusión que tivo na estrutura da poboación. Por último, apuntar que, debido á particular importancia do éxodo rural no presente século, adicaremos un derradeiro capítulo á análise deste fenómeno.

Partidos Xudiciais	SalDOS migratorios		Tasas de migración *	
	1901-1930	1931-60	1901-30	1931-60
Becerreá.....	-9.969	-10.660	-293.2	-341.7
Chantada.....	-14.350	-15.359	-284.4	-266.7
Fonsagrada.....	-6.807	-8.753	-232.7	-307.4
Lugo.....	-8.937	2.776	-108.6	27.9
Mondoñedo.....	-12.584	-9.553	-270.6	-208.0
Monforte.....	-11.815	-7.852	-231.3	-142.7
Quiroga.....	-8.976	-8.685	-344.4	-365.9
Ribadeo.....	-5.400	-5.299	-277.0	-225.9
Sarria.....	-9.256	-11.609	-216.7	-275.8
Villalba.....	-5.350	-3.681	-124.1	-74.7
Viveiro.....	-9.663	-6.125	-407.8	-178.6
Total provincial.....	-103.387	-84.800	-219.5	-172.8

1900-1960: Terra Cha non emigra

Feita así esta afirmación poidera resultar en exceso triunfalista. Estamos a falar unicamente en termos compartivos e así plantexado non cabe dúbida que o encabezamento que propoñemos para este periodo non deixa de ser certo. En efecto, durante estes anos o partido xudicial de Villalba, que abrangue os concellos de Villalba, Begonte, Cospeito, Xermade e Trasparga presenta unhas taxas de migración moi por debaixo da maior parte dos concellos galegos.

Así, entre 1901 e 1930 tan só presentan taxas de migración máis baixas que Villalba os partidos xudiciais de A Coru-

ña, Ferrol, Ortigueira, Ourense, Verín, Cambados, Pontevedra, Redondela e Vigo, en tanto que no período 1931-60 só as catro capitais de provincia, xunto coas zonas industriais de Ferrol e Vigo, teñen taxas inferiores a Villalba.

No cadro que figura no artigo expóñense os saldos migratorios e as taxas de migración por partidos xudiciais da provincia de Lugo. Obsérvase que Villalba, a pesar de ter máis poboación que a maior parte dos outros partidos, presenta uns saldos migratorios moito máis baixos.


Se nos centramos exclusivamente no Concello de Villalba, as taxas de migración son aínda máis baixas que tomando a totalidade do par-

tido xudicial. Villalba, entre os anos 1900 a 1950 experimenta un crecemento de poboación en termos absolutos de 6.632 habitantes, pasando de 13.572 habitantes no 1900 a 20.204 no 1954, manténdose ata 1960, ano no que alcanza un total de 20.264 habitantes. As taxas de migración establecidas por décadas en estes anos son as seguintes:

1901-10: -98,7.
1911-20: 24,5.
1921-30: -42,5.
1931-40: -17,2.
1951-60: -84,7.

Faltan datos da década dos 40, pero pódese afirmar que as taxas foron positivas, xa que a poboación tivo un crecemento de 2.269 habitantes, en tanto co crecemento vexetativo non debeu ser tan elevado.

A emigración no século XX (II)



Carlos Gómez Osa

Resumindo a análise deste período, podemos dicir que en Villalba na primeira metade do século XX a emigración presenta uns rasgos atípicos con respecto a Galicia e á provincia de Lugo en particular. En primeiro lugar, polos baixos niveis de emigración que rexistra, como ten quedado demostrado, e en segundo lugar, polos momentos en que rexistra maior emigración.

Así, mentras os saldos migratorios galegos manteñen un nivel constante e negativo durante as tres primeiras décadas do século e, agás a provincia de Ourense, rexistran inmigración neta na década dos trinta para voltar á situación anterior na década dos cuarenta, en Villalba sucede en moitos casos o fenómeno inverso, como ben se pode observar á

vista dos datos referidos ós saldos migratorios totais.

1901-10: A Coruña, -59.538; Lugo, -31.750; Ourense, -28.594; Pontevedra, -18.564; Villalba, -1.366.

1911-20: A Coruña, -26.938; Lugo, -34.807; Ourense, -22.724; Pontevedra, -2.285; Villalba, 357.

1921-30: A Coruña, -23.852; Lugo, -36.830; Ourense, -22.273; Pontevedra, -19.498; Villalba, 357.

1931-40: A Coruña, 17.682; Lugo, 8.122; Ourense, -6.011; Pontevedra, 154; Villalba, -670.

1941-50: A Coruña, -13.883; Lugo, -35.079; Ourense, -35.423; Pontevedra, -27.970; Villalba, +.

1951-60: A Coruña, -55.376; Lugo, -57.843; Ourense, -43.805; Pontevedra, -70.319; Villalba, -1.771.

En canto ós lugares de desti-

no, á falta de estadísticas que reflexen o caso concreto dos emigrantes vilalbeses, podemos aventurarnos a dicir sen temor a equivocarnos que os fluxos serían moi semellantes ós do resto da emigración galega; é dicir, nas primeiras décadas, Cuba e Arxentina eran os países que recibían o maior contínente de emigrantes e en torno ó ano 1950, incorporárase Venezuela como gran país receptor.

A partir da década dos sesenta detéñese de súpeto esta corrente migratoria transoceánica de xeito que en moitos anos rexistrábase máis retornos que saídas hacia eses países. Pola contra, incorporárase Europa (Suíza, Alemaña e Francia, principalmente) e outras rexións españolas (Cataluña, País Vasco, Madrid) como grandes focos de atracción de emigrantes. Pero iso queda

para a análise do segundo período.

1960-1980: despobla-mento

Dende principios do século XX ata 1960 víamos que os concellos que forman a Terra Cha ou están no seu entorno, non sufriran a intensidade emigratoria que azoutou a outras zonas de Galicia. Eso permitiu que o crecemento da poboación en termos absolutos fora constante ó longo de todo o período. Todos rexistraban emigración, pero o forte crecemento vexetativo facía que se compensaran as perdas e que poboación medrara.

Sen embargo, a partir de 1960 a Terra Cha incorporárase ás pautas xerais de comportamento galegas e tódolos concellos comezan a perder poboación dun xeito, en moitas ocasións, casi alarmante. Así,

na década 1960-70, a pesar de que o crecemento vexetativo da poboación segue a ser semellante ó de décadas anteriores, as perdas de poboación son moi elevadas, e na década dos setenta mantéñese, aínda que a menor nivel. Asimesmo, a partir de mediados de esta década xorde un feito novo: na maior parte dos anos e en tódolos concellos as cifras de mortalidade comezan a ser superiores ás de natalidade.

No gráfico 1 refléxase a evolución da poboación en diversos concellos ó longo do século XX. Obsérvase claramente o crecemento ata 1950 aproximadamente, e a inflexión que presentan as curvas a partir de esa data. Hai que ter en conta, por outra parte, que outros concellos da Terra Cha ou próximos (Castro de Rei, Pastoriza, Abadín) presentan unha evolución moi semellante.

Centrándonos no concello de Villalba, vemos que entre 1960 y 1981 a poboación total pasou de 20.264 a 16.485; é dicir, un descenso en termos absolutos de 3.779 habitantes. Este ilustrativo dato explica ben ás claras a intensidade que cobra a emigración durante este período. Por outra banda, se temos en conta que o crecemento vexetativo foi positivo ata o ano 1975 e nulo entre 1975 e 1981, teremos como resultado que as perdas de poboación por emigración foron aínda máis elevadas que as que supoñen as perdas absolutas.

No gráfico 2 refléxanse os saldos migratorios absolutos de Villalba por períodos de cinco anos. Nel inclúese a década dos cincuenta por ser cando a emigración comeza a ser elevada, aínda que se comentou no capítulo primeiro por non corresponder ó período no que a emigración se dirixe preferentemente a países europeos, ademáis de que as perdas de poboación por emigración non supuxeron un descenso desta como ocorrería a partir de entón.

A emigración no século XX (e III)

Carlos Gómez Osa

De toda a análise feita ata o de agora pódese extraer outro dato significativo: a demografía de Villalba perdeu máis poboación por emigración na década dos sesenta que en todo o resto do século XX. Efectivamente, entre os anos 1960-70 o saldo migratorio supuxo un descenso de 4.363 habitantes, en tanto que a suma de tódolos demais anos do século representan unha perda de 3.750 habitantes, e isto sen computar a década dos cuarenta, na que o saldo migratorio foi positivo.

En canto ós países de destino neste período, trátase de unha emigración que se dirixe principalmente a países europeos e outras zonas de Galicia e do Estado. A este respecto, e a falta de datos referidos en concreto ó concello de Villalba, podemos extrapolar os referidos á provincia de Lugo, supoñendo que moi pouco diferirían: Suíza, que absorbería máis do cincuenta por cento da emigración ó extranxeiro, Alemaña e, en menor medida, Francia e Inglaterra eran os países preferidos. En canto á emigración interior, dous polo menos eran os preferidos: Cataluña e o País Vasco, quedando Madrid e outras cidades galegas nun segundo termo.

O éxodo rural

Se exceptuamos á parroquia que ostenta a capitalidade do concello de Villalba (Santa María de Villalba), tódalas demais sofren un despoboa-

mento constante a partir de 1950. De feito non ocorrera o mesmo ata mediados do século, xa que entre 1900 e 1950 tódalas parroquias tiveron aumentos de poboación, e nalgúns casos rexistraron crecementsos ben elevados.

1900-1950. Crecemento de poboación por parroquias:

0-25% de crecemento: Arbol, Carballido, Xoibán, Ladra, Mourence, Samarugo, Torre, Vilapedre.

25-75% de crecemento: Alba, Boizán, Cuesta, Goiriz, Lanzós (San Salvador), Nete, Rioabeso, Román, Tardad.

50-75% de crecemento: Belesar, Corbelle, Insua, Lanzós (San Martín), Noche, Oleiros, Santaballa, Soeixo.

Máis do 75% de crecemento: Codesido, Distriz, Gondaisque, Sancobade.


1950-81. Descenso de poboación por parroquias:

0-25% de descenso: Arbol, Goiriz, Lanzós (San Martín), Nete, Noche, Oleiros, Rioabeso, Román, Sancobade.

25-50% de descenso: Alba, Belesar, Boizán, Carballido, Codesido, Corbelle, Cuesta, Distriz, Insua, Xoibán, Ladra, Mourence, Samarugo, Santaballa, Torre, Vilapedre.

50-75% de descenso: Gondaisque, Lanzós (San Salvador), Soeixo, Tardad.

Como resultado do que vimos de expoñer, moitas das parroquias do concello presentan unha poboación total no ano 1971 inferior á que tiñan en 1900. Vexamos a poboación



por parroquias entre 1900 e 1981. A primeira cifra corresponde ó número de habitantes en 1900; a segunda e a terceira corresponden á diferenza en 1950 e 1981 respecto a 1900.

Ganaron poboación: Arbol (720, +88, +32), Codesido (306, +299, +121), Corbelle (367, +186, +39), Distriz (168, +188, +59), Goiriz (837, +375, +124), Insua (351, +214, +40), San Martín de Lanzós (797, +483, +66), Noche (262, +138, +83),

Oleiros (477, +239, +72), Rioabeso (425, +149, +41), Román (414, +153, +70), Sancobade (431, +347, +344) e Santaballa (802, +499, +34).

Perderon poboación: Alba (572, +147, -60), Belesar (515, +327, -9), Boizán (263, +91, -6), Carballido (394, +98, -17), Cuesta (985, +431, -197), Gondaisque (163, +217, -42), Xoibán (169, +28, -65), Ladra (232, +43, -36), San Salvador de Lanzós (85, +36, -19), Mou-

rence (387, +3, -116), Nete (364, +100, -4), Samarugo (385, +14, -119), Soeixo (135, +90, -68), Tardad (184, +70, -59), Torre (339, +76, -64) e Vilapedre (489, +82, -174).

Este despoboamento rural a partir de 1950 supuxo que dende esa data a proporción entre a poboación que vive na vila e a que vive nas parroquias comezara a aproximarse paulatinamente.

A xeito de conclusión do presente traballo, podemos establecer unha serie de características da emigración na Terra Cha ó longo do presente século.

1) Ata mediados do século a Terra Cha presenta unhas taxas de migración moi por debaixo da media galega. Isto supuxo que durante este período o crecemento da poboación fora continua.

2) Dende 1950, e sobre todo a partir de 1960, a emigración alcanza cifras tan elevadas que levan a que os concellos da Terra Cha rexistren importantes perdas de poboación. O emigrante chaírego é un emigrante con vocación europea.

3) A partir de 1950 aparece o fenómeno da despoboación rural. Descende progresivamente a poboación que vive en aldeas e aumenta a que reside na vila.

X. A. López Taboada: "Economía e poboación en Galicia".

X. M. Beiras: "Estructura y problemas de la población gallega".

A. G. Barbancho: "Las migraciones interiores españolas".

Instituto Nacional de Estadística: censos de población, nomenclátor y anuarios estadísticos.